



COMUNICADO DE EIGA SOBRE O CORONAVIRUS COVID-19

En relación coa actual situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia do coronavirus COVID-19, a Asociación Galega de Investigación na Enfermidade Inflamatoria Intestinal (EIGA), recomenda ós doentes de enfermidade inflamatoria intestinal (enfermidade de Crohn e colite ulcerosa) e ós profesionais sanitarios que se adican o seu coidado, os seguintes puntos:

1. Recoméndase a tódolos doentes con enfermidade inflamatoria intestinal que sigan estritamente as recomendacións do Servicio Galego de Saúde, Ministerio de Sanidade e do Grupo Español de Trabajo en enfermedad de Crohn y Colitis Ulcerosa (GETECCU).

Neste sentido gustaríanos incidir especialmente nos seguintes puntos:

- Respectar as medidas de distanciamento (polo menos 1 metro e o lavado estrito de mans durante polo menos 20 segundos.
- Evitar as aglomeracións, reunións e viaxes innecesarios.
- Non suspender nin modificar o tratamento prescrito sen consultar co seu médico ou Unidade de EII.

Enlace as recomendacións do Servicio Galego de Saúde (SERGAS):

<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>

Enlace as recomendacións de GETECCU: <https://mailchi.mp/8f20508ee6ae/nota-informativa-covid-19?e=55b9d57943>

Enlace as recomendacións do Ministerio de Sanidade para cidadáns:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm>

Enlace as recomendacións del Ministerio de Sanidade para profesionais:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos.htm>

2. Debido á gran capacidade de transmisión do coronavirus COVID-19 e para diminuír o risco de exposición ó mesmo (especialmente nos doentes baixo tratamento inmunosupresor e biolóxico), recoméndase que, de forma temporal e mentres dure a actual situación de alerta sanitaria, se reduzan as consultas presenciais ás estritamente necesarias, realizando de forma non presencial (telefónica, e-consulta ou calquera outra modalidade similar) as consultas de doentes estables.
3. Así mesmo, recoméndase ós Servizos de Farmacia Hospitalaria que, de forma temporal e mentres dure a situación de alerta sanitaria, subministren a

medicación ambulatoria por períodos de tempo máis prolongados, para evitar visitas innecesarias ó hospital.

4. Polo mesmo motivo, recoméndase que tódolos doentes con enfermidade inflamatoria intestinal en tratamento inmunosupresor realicen, na medida das súas posibilidades e as dos seus empregadores, a súa actividade laboral en forma de teletraballo. No caso de doentes que desempeñen o seu posto de traballo de cara o público recoméndase contactar con Saúde Laboral para valorar a súa recolocación nunha área menos exposta.

Xunta Directiva de EIGA
12 de marzo de 2020